

CURSOS MONOGRÁFICOS

ESCOLA DE VERÁN 2024-2025

ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS DE VIGO, EMAO

Do 4 ao 22 de xullo de 2025

CURSOS QUE SE CONVOCAN:

“GOZA DO VERÁN CUN BORNAL FEITO Á MAN”

Impartido por Pepe Pereira, mestre da especialidade de **ARTESANÍA EN COIRO** da EMAO.

Destinatarios/as: Persoas interesadas en achegarse ao Coiro e descubrir as súas posibilidades creativas e prácticas. Preferiblemente sen coñecementos previos.

Datas: do 7 ao 16 de xullo, de 09.30h a 14.00h. **Duración:** 36 horas.

Obxectivo: Realizar un bernal de pastor con peto interior realizado integramente á man e en coiro.

Programa:

Obxectivos:

O bernal de caza é unha bolsa de pel ou coiro que os pastores e os cazadores levaban no seu lombo para portar os elementos de uso cotián que empregaban nas súas saídas ao campo ou ao monte.

Nesta aproximación realizaremos unha peza deste tipo que estará elaborada integramente á man.

Traballaremos sobre dous tamaños de padrón adaptándonos ao gusto do alumno tanto nesta selección coma na decoración. Queremos revivir esta peza en desuso e que resulta moi cómoda e práctica.

Contidos:

- Aproximación ao coiro e aos procesos de curtido
- Introducción aos complementos de coiro para caza e pastoreo
- Achegamento á decoración do coiro (costuras decorativas, texturas e tinguido)
- Inmersión na costura de “Guarnicioneiro”

Material a achegar polo alumnado:

Coiro vacún (3 pés); serraxe (6 pés); correas de vacún (2); 10 metros de tireta de coiro e 3 fibelas. Non fai falla traer os materiais o primeiro día, hai posibilidade de facer unha compra en grupo de materiais para abaratar o custo.

Alumnado máximo: 12

“PLENEIRISMO. Parte II”

Impartido por Darío A. Basso e Federico Fernández, mestres das especialidades de **PINTURA** e **DEBUXO ARTÍSTICO** da EMAO.

Destinatarios/as: calquera persoa interesada.

Datas: do 7 ao 17 de xullo, de 09.00h a 13.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: No curso 2023/24 os obradoiros de Pintura e Debuxo realizamos un Monográfico onde abordamos e emulamos aos Mestres da pintura e o debuxo ao natural, no que se coñece na historia da arte como “Pleneirismo”. Para este curso 2024/25 realizamos unha segunda parte desta andaina pictórica pola cidade, cun cambio significativo da contorna a debuxar. O que antes era natureza, mar, arboreda e rochas na contorna de Samil, desta vai ser formigón, asfalto e tráfico pintando polo centro da cidade de Vigo. Os obradoiros de Pintura e Debuxo en conxunto propoñen a práctica desta actividade realizando inicialmente uns exercicios de aula para posteriormente saír pola contorna da cidade de Vigo co alumnado, fomentando nesas prácticas finais a expresión da cor, a composición e a perspectiva a “plein air”.

Programa:

Obxectivos:

- Coñecer dun xeito introdutorio a historia da pintura do natural
- Introducir ao alumnado na pintura ao aire libre
- Representar a contorna urbana e a súa pulsión a través da cor
- Fomentar dun xeito práctico a expresión da cor, a composición e a perspectiva a “plein air” nun entorno urbano

Contidos:

- Introducción a pintura do natural. Historia

- Introducción ás técnicas pictóricas de procedemento rápido
- A liña como elemento compositivo nunha paisaxe urbana
- A liña e a mancha como elementos xeradores de texturas e movemento. Impresionistas e postimpresionistas
- A aplicación da teoría da cor para capturar a paleta presente nunha paisaxe urbana
- Diferentes perspectivas que se presentan nunha composición urbana. Lineal e atmosférica
- Introducción á perspectiva italiana. Convencionalismos. Utilización práctica
- Expresión da pulsión da cidade a través da propia interpretación creativa do alumnado

Material a aportar polo alumnado:

Taboleiro formato A3; pinzas; bloque de debuxo multitécnica, formato A3; lapis; pinceis varios.

Alumnado máximo: 15

“OURIVARÍA CON MATERIAIS NATURAIS E RECICLADOS ”

Impartido por Sandra de Jesus, mestra da especialidade de **OURIVARÍA** da EMAO.

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

Datas: do 7 ao 17 de xullo, de 09.30h a 13.30h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Este monográfico está enfocado á experimentación e á aplicación de materiais naturais e reciclados na creación de xoias ou obxectos, na liña da xoiaría contemporánea, encamiñando o enfoque á xoiaría de autor. A intención é realizar e rematar unha peza con materiais naturais como ramas, follas, musgos, pedras ou vidros da praia, cunchas, etc. ou con materiais de reciclaxe como plásticos, partes de obxectos desbotados, papel, etc., pero ademais incorporaremos a reprodución dalgún destes obxectos a través da técnica de fundición en area a pequena escala.

Programa:

Obxectivos:

- Construír unha peza con materiais naturais (pedras atopadas, ramas de árbores, musgos, follas, cunchas...)
- Construír unha peza con materiais de reciclaxe (plásticos, cauchos, papel, partes doutros obxectos...)
- Realizar a fundición dalgún elemento dos escollidos en fundición en area para incorporar ou elaborar unha peza
- Aplicar, segundo e acorde ás capacidades e coñecementos do alumna/o, as distintas técnicas básicas de construción con metal
- Lograr dúas pezas artísticas, funcionais e na liña da xoiaría contemporánea

Contidos:

- Introducción histórica e artística do traballo con materias naturais e de reciclaxe.
- Busca de materiais e exploración das súas posibilidades construtivas
- Explicación e práctica da técnica de fundición directa en area
- Elaboración de bosquejos
- Elaboración do plan de construción
- Traballo cos materiais e co metal, que neste caso será fío ou prancha de latón
- Montaxe final e remate das pezas

Material a aportar polo alumnado:

Os materiais e consumibles que se empregarán terán un custo aproximado de 15 -20 €, que implica a compra de fío de latón e distintos consumibles comúns como brocas, fíos de segueta, lixa, etc.; o primeiro día do curso indicaráselles que é o que se merca co bote. Precisan tamén mandil ou bata para traballar.

Alumnado máximo: 12

“CONFECCIÓN A TODA COR ”

Impartido por Alba Pardo e Emma Pintos, mestras das especialidades de **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA** e **MODA E CONFECCIÓN** da EMAO.

Destinatarios/as: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

Datas: do 7 ao 17 de xullo, de 09.00h a 13.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Achegar ao alumnado a serigrafía téxtil e a confección de pezas sinxelas.

Programa:

- Achegamento ao proceso básico da serigrafía
- Preparación de ferramentas e materiais para estampado téxtil
- Proceso de estampado e fixado da tinta sobre téxtil
- Achegamento ao manexo da máquina de coser

- Nocións básicas do corte do tecido
- Confección dunha tote bag
- Confección dunha peza de roupa sinxela

Material a achegar polo alumnado:

Cinta de embalaxe; cinta de pintor; tesoiras para téxtil; acetato transparente; cinta métrica; alfinetes (especificaranse as medidas o primeiro día)

Alumnado máximo: 10

“REPARACIÓN E MANTEMENTO DE INSTRUMENTOS DE VENTO TRADICIONAIS (GAITA, PITO, REQUINTA)”

Impartido por Carlos Corral, mestre da especialidade de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM- GAITA** da EMAO.

Destinatarios/as: en xeral, persoas que estean en posesión dalgún instrumento de vento tradicional que necesite algún tipo de reparación ou mantemento.

Datas: do 7 ao 17 de xullo, de 10.00h a 14.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Coñecer tódolos aspectos importantes para un bo mantemento do instrumento; saber efectuar pequenas reparacións que se poden realizar sen necesidade de acudir a un artesán (cambiar cortizas gastadas, substituír unha anela rota, renovar o aspecto exterior, sexa encerado, aceitado ou vernizado, etc.

Programa: o programa poderá ser flexible en función das necesidades dos instrumentos achegados polo alumnado pero, previsiblemente, constará de:

- Cambio de cortizas
- Pulido
- Vernizado
- Encerado
- Aceitado
- Cambio de anelas
- Hidratación de cortizas
- Cambio de foles, etc.

Material a achegar polo alumnado:

Instrumento ou instrumentos sobre os que traballar (gaita, pito, requinta...).

Alumnado máximo: 6

“BANCO DE CARPINTEIRO”

Impartido por Xaime Rivas, mestre da especialidade de **CONSTRUCCIÓN ARTESANAL DE INSTRUMENTOS MUSICAIS -CAIM- ZANFONA** da EMAO.

Destinatarios/as: persoas interesadas en adquirir habilidades relacionadas coa carpintaría/artesanía.

Datas: do 7 ao 22 de xullo, de 10.00h a 13.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Familiarizarse coa ferramenta manual propia da carpintaría. Coñecer as técnicas que permitan o emprego das mesmas en condicións óptimas.

Programa:

- Construción dun portacandelas ornamental
- Elaboración de diferentes tipos de encaixes
- Construción dun quebranoces

Material a achegar polo alumnado:

Madeira de faia en táboa (gasto compartido entre os asistentes); taboleiro de contrachapado (gasto individual).

Alumnado máximo: 6

“O GRAVADO E BORDADO, TRABALLO CREATIVO SOBRE PAPEL”

Impartido por Marian Núñez e Rosa García, mestras das especialidades de **DESEÑO E ENCAIXE DE PALILLOS** e **TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA** da EMAO.

Destinatarios/as: alumnado creativo con interese en coñecer e experimentar a técnica do gravado en relevo e o bordado sobre papel.

Datas: do 4 ao 16 de xullo, de 10.00h a 14.00h. **Duración:** 36 horas

Obxectivo: Desenvolver e comprender o gravado en relevo como medio expresivo xunto ao bordado en papel para xerar estampas artísticas.

Programa:

- A obra seriada, principios xerais
- Clasificación das técnicas gráficas de gravado e estampaxe
- Iniciación aos conceptos de gravado e estampaxe
- Introducción á arte gráfica
- O gravado en relevo
- O linogravado
- O monotipo. A imaxe impresa non seriada
- Coñecemento do fío e ferramentas
- Técnicas básicas do bordado
- Aplicación do bordado sobre o gravado

Material a aportar polo alumnado:

Pranchas de gravado en linóleo; papel de gravado; papel de calco; fíos; agullas; esponxa

Alumnado máximo: 10

ESCOLA DE VERÁN 2024-2025 CURSOS MONOGRÁFICOS

CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración dos cursos:

36 horas

Datas:

Entre o **4 e o 22 de xullo de 2025**. Horario de mañá

Lugar:

Aulas e talleres da **Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo (EMAO)**

Prazas limitadas:

Ver número máximo de alumnos/as na convocatoria específica

Inscrición:

Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico, no prazo indicado a continuación, a **emao@vigo.org**, cos seguintes datos (imprescindibles):

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante
- DNI
- Enderezo de correo electrónico no que desexan recibir a confirmación de admisión, se é o caso.

Admisión de solicitudes:

- Non poderán inscribirse as persoas matriculadas na EMAO no curso 2024-2025
- Só se admiten persoas maiores de 16 anos
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran estritamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto.
- A inscrición farase por estrita **orde de recepción do correo electrónico** de solicitude, ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- **O prazo** para solicitar a inscrición será desde as **00.00h do 16 de xuño**, ata as **24.00h do 20 de xuño** de 2025. Non serán válidas as solicitudes presentadas con anterioridade e posterioridade a estas datas.
- A confirmación da matrícula realizaraa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase á lista de reserva.

Cadro resumo

Escola de verán EMAO 2025. Cursos Monográficos

Nome do curso	Especialidade/s	Profesorado	Datas	Horario	Nº máximo alumnado
GOZA DO VERÁN CUN BORNAL FEITO A MAN	Artesanía en coiro	Pepe Pereira	07-16 de xullo	09.30h-14.00h	12
PLENEIRISMO. PARTE II	Debuxo artístico Pintura	Federico Fernández Darío A. Basso	07-17 de xullo	09.00h-13.00h	15
OURIVARÍA CON MATERIAIS NATURAIS E RECICLADOS	Ourivaría	Sandra de Jesus	07-17 de xullo	09.30h-13.30h	12
CONFECCIÓN A TODA COR	Serigrafía artística Moda e confección	Alba Pardo Emma Pintos	07-17 de xullo	09.00h-13.00h	10
REPARACIÓN E MANTEMENTO DE INSTRUMENTOS DE VENTO TRADICIONAIS	CAIM-Gaita	Carlos Corral	07-17 de xullo	10.00h-14.00h	6
BANCO DE CARPINTEIRO	CAIM-Zanfona	Xaime Rivas	07-22 de xullo	10.00h-13.00h	6
O GRAVADO E BORDADO, TRABALLO CREATIVO SOBRE PAPEL	Deseño e encaixe de palillos Talla e escultura en madeira	Marian Núñez Rosa García	04-16 de xullo	10.00h-14.00h	10